

## Jesús V. LORA

A luz fire a mesta cabeleira  
das copas do bosque elevadísimas  
acedéndoas de castaño verde.  
Do chan prorrompen troncais liñas  
e nun enreixado múdase o baleiro:  
trascendo coa miña mente laberíntica  
a virxindade do espazo libre.  
Os incorpóreos raios do día  
seguen a punzar como fugas de chama  
todas as follas e pólas que, ansían  
beixar o ceo, acariciar o eterno.

\*\*\*

Chove sobre o pavimento empedrado  
unha sinfonía de tons puros  
que reaniman o seu corpo gris sen vida:  
A choiva teclea con miles de dedos  
o teclado de pedras que se estende  
ao longo da rúa baleira.  
Amañece daquela dos penedos  
un ritmo bruxo que cala o silencio;  
de súpeto, o espazo é harmonía,  
descoñecida toda ela e sen orde.  
Cantos segredos agacha a terra.